

Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CERDIDO REUNIDO O DÍA CATORCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL ONCE

No salón de sesións da Casa do Concello de Cerdido, ás dez horas e oito minutos do catorce de febreiro de 2011, reúnen-se, baixo a presidencia de Dona Ana Rodríguez Montero como Alcaldesa do Concello, en primeira convocatoria os concelleiros que se citan a continuación: Don José Cupeiro Fernández. Dona María del Mar García Gundín, Don Carlos Rodríguez Fraguela, Dona María José López Lamigueiro que se ausenta as doce horas, Don Roberto Oscar López López, Don Jairo Orjales Sande, Don Benigno Galego Castro e Don Cándido Prieto Lago. Actúa de Secretaria Dona Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debate-los asuntos da orde do día:

1.- CONTRATACION E CONTROL DAS OBRAS EFECTUADAS NO CONCELLO NO ANO 2009 E 2010.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro toma a palabra para solicitar información sobre como se fai para elixir a empresas as que se invita nos procedementos de contratación e solicita colaboración na entrega da documentación solicitada dado que se tarda moito

A Alcaldesa afirma que se respectan as normas e que cando pasa dun determinado importe se anuncia no boletín e se non se invita a tres empresas, invitando primeiro a empresas do concello ou que teñen contratada a xente do concello e a empresas de fora. En canto a tardanza na entrega da documentación débese a que hai un único administrativo para atender ó público e realizar moitas tarefas.

O Concelleiro D Benigno Galego Castro explica que a documentación se solicitou o día 11 de novembro e se entregou o día 27 de decembro, considerando que non ten xustificación esta tardanza. No sector da construción, segundo a memoria da conta xeral do ano 2009, hai quince empresas no Concello e a única a quen se lle pide unha oferta é a Construcións Casaldaya. En todas as obras ninguén baixa o prezo porque non hai competencia, así na obra do aparcamento solar, invitáronse a tres empresas sen que se saiba si todas as empresas se adican o mesmo sector e si se puxo en contacto previo con elas por si lles interesaba o contrato, na obra do lavadoiro se invitan a tres empresas de fora do concello. Hai empresas como a de Baustista o da Andrés no concello que poden estar interesada, isto demostra que non hai interese nas empresas do Concello. Tamén chama a atención a invitación a empresas como Excavaciones Saavedra e Luís Santiso sen que se teña coñecemento de se se adican o sector da construción. Na obra de Seguridade vial no colexio invitáronse a tres empresas para non facer competencia entres elas, na obra dos parques infantís, invítase a tres empresas de Pontevedra, polo que se pregunta si estas empresas teñen persoal contratado do concello, e se deixan algunha riqueza no Concello. A Obra de illamento no Polideportivo foi subcontratada na súa totalidade a outra empresa.


En canto as obras de adxudicación directa non se negociou con ningunha empresa, todas as obras están o tipo. Por todo isto entendo que non hai interese por crear emprego no Concello e se pregunta si así hai transparencia na contratación.

A Alcaldesa afirma que as veces consulta coas empresas si están interesadas e outras veces lles envía a invitación, e cree que as empresas invitadas si se adican a construción, en concreto no contrato da obra do aparcamento solar o proxecto estaban moi axustados os prezos, en canto as empresas locais non coñece as quince do concello e afirma que pensaba que Mosquera estaba retirado e non coñece a Bautista e a Andrés. A empresa Luís Santiso veuse ofrecer ó concello para facer obras. En canto o sistema de elección das empresas ofrece os contratos as empresas locais pero non todos porque si non pódese pensar que se lle da todos os contratos os mesmos. En canto as empresas de Pontevedra puideron adquirir os materiais no Concello.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro continúa a súa exposición indicando as irregularidades que atopou nas obras así afirma que na obra do aparcamento solar houbo un atraso de catro meses, na obra mellora da escola de Avispeira o cartel estaba mal posto, na obra do Illamento do Polideportivo a empresa subcontratou o 100% da obra a outra empresa e o cartel estaba mal feito entregando unha foto feita por ordenador onde estaba ben, ademais presentou os nomes dos traballadores da súa empresa cando a obra foi realizada por outra empresa. Na obra Seguridade Vial no Colexio pregunta a alcaldía sobre posibles modificacións no proxecto e advirte que o muro de peche no proxecto vai de 105 cm. e o que está é de 88 cm. é o ancho e o alto tampouco coincide co proxecto. No proxecto se indica que se debe botar grava en toda a superficie e non se fixo na totalidade do vial. Na obra do Alumeado Público en Poza da Auga a Torre o cartel púxose diante do Concello cando debería estar xunto a obra. Na obra Reparación acceso o campo de fútbol o proxecto pon que se debería botar grava, gravilla e aglomerado o que levaría a superficie de 10 a 17 cm e non pasa a superficie actual dos 4 cm. Na obra do Camiño a Becerroi ven no proxecto un sobreancho e considerase, peso o dito noutro pleno, que non se corresponde cos abanicos das pistas e que non se levantan as pistas para reparalas. Na obra construcións auxiliares do campo de fútbol no proxecto contemplaba o cambio de uralita e vigas e non se fixo. Nestes contratos hai modificacións que superan o 10 %. E pregunta a Alcaldesa si cando vai o técnico polas obras o acompaña.

A Alcaldesa afirma que na obra do illamento do polideportivo a empresa tivo problemas cunha máquina pero non sabe si a subcontratou o 100% ou unha parte. En canto a obra de reparación acceso o campo de fútbol a zona da porta do campo levantouse toda porque eu o vin, a outra zona non o sabe e engade que é o técnico o que vai a medir as obras e controlar estes aspectos e xustificar as variacións das obras pero debe facelo por escrito, en canto a curva de Susloureiros levantouse toda ela, en canto a obra das instalacións auxiliares do campo de fútbol non hai por escrito estas modificacións e engade que non vai a medir as obras que isto o fai o técnico e que non ten coñecementos técnicos e non sabe si a uralita é nova o xa estaba engadinda que no sempre vai co técnico ás obras

O concelleiro D. Benigno Galego Castro toma a palabra para indicar que a Alcaldesa é a xefa do técnico, e o Concello o que contrata o técnico e polo tanto, tes responsabilidade sobre o técnico, engade tamén que si se coñecen as modificacións existentes na obra da Pérgola e porta de acceso o colechio dado que a medida da pérgola é de 22 metros cadrados e en policarbonato e a pérgola actual e de 13 metros cadrados e



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

non ten policarbonato, sendo este un material caro o redor de 2000 euros, modificacións que superan o 10% e pregunta a alcaldesa onde estas estes aforros do proxecto e se sabia destas modificacións realizadas. Ademais engade que na obra do lavadoiro de Abruñeiros non coinciden as medidas do proxecto e da obra, e no proxecto ven madeira de carballo e púxose madeira de pino o que vai a supoñer un maior deterioro do lavadoiro co paso do tempo, tamén destaca que no proxecto hai unha partida para impermeabilizar o lavadoiro de 2513 € e non se realizou, engade tamén que lle explique que pasou coa obra de reconstrución de lavadoiros porque tiña unha cuberta de granito e se certificou pintada, o granito debe ser de 3 cm e se puxo de 2 cm, as vigas son de carballo, pero de menor tamaño das que figuran no proxecto, a obra tiña un prazo de 35 días e non se cumpriu, falta unha baixante da recollida de augas, ademais cando se pediu a documentación desta obra en novembro, dilatouse a súa entrega ata decembro para poder rematar a obra, en canto as columnas que dixemos que están ó revés asumo o meu erro e pregunta a alcaldía sobre a diferenza existente entre a recollida de pluviais na escola de O Castro e da Avispeira.

A Alcaldesa afirma que descoñecía estas variacións e que as soubo polo que se publicou na prensa hai uns días e indica que se puxo en contacto co técnico e lle dixo que o policarbonato é un material que se deteriora moi facilmente por iso se cambio e os aforros producidos se investiron noutras partidas do proxecto. En canto o lavadoiro de Abruñeiros houbo que mediar co propietario da finca para evitar que o lavadoiro invadise a pista polo que tívose que quitar o muro e poñerse un novo. En canto a obra de reconstrución de lavadoiros houbo unha confusión dun lavadoiro con outro e cando o técnico me dixo que estaba lista fun a velo e estaba mal, as columnas non están o revés a base é mais estrita e os capiteis mais anchos. Nesta obra houbo unha confusión entre os dous lavadoiros, dado que cambiaron as vigas por outras de madeira no lavadoiro das Felgosas cando non viña no proxecto e fixeron un muro. En canto a recollida de pluviais pensa que a diferenza esta no color, que no castro é negro e na Avispeira é color cobre

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro pregunta sobre as clases de música no colexio, medida que lle parecer boa, no que o contrato poñía que empezaban de abril a novembro e se lle pagaba algo mais de 3000 € solicitando información de cando empezaron realmente e se lle baixaron o prezo por non realizar as actividades no prazo establecido

A Alcaldesa afirma que se pretendía realizar unha xornada de iniciación a música para os nenos e nenas de Cerdido que carecen destas actividades preto da casa ademais de realizar uns concertos didácticos no colexio para que se familiaricen cos instrumentos e cree que se puxeron de acordo co colexio para fixar a data de inicio e parar no verán e empezar co curso.

O Concelleiro D. Roberto O. López López toma a palabra para afirmar que non lle parece normal chegar a solicitar un pleno extraordinario para falar destes temas, dado que a corporación esta formada por nove concelleiros por igual que representan os veciños en igualdade e cando unha persoa solicita información do Concello se lle debe dar e facilitar o mais axiña posible. A función dos concelleiros é de controlar o


funcionamento do Concello polo que de debe facilita o acceso á documentación. En canto a contratación, ponse de manifesto que unha cousa é o que di a Lei e outra que o sistema de contratación poda mellorar, a procura de empresas pode dar lugar a un aforro de cartos para o Concello, todo isto debe servir para ir mellorando e corrixindo os erros que se cometen que poden ser froito da inexperiencia. É responsabilidade do técnico os informes pero o noso grupo xa manifestou en moitas ocasións que a forma de actuar do técnico non é boa e que os informes que non informan non facilitan o traballo. A recepción das obras é responsabilidade da Alcaldesa tanto política como xuridicamente e cando é o Pleno quen recepciona é responsabilidade de todos. Con todo isto é evidente que o técnico non cumpre co seu traballo polo que por unha banda ou non vai a obra ou é un inepto, a nivel técnico as obras se fan como el quere ademais non se debe enviar a outros traballadores do concello a inspeccionar as obras dado que a praza na RPT é de condutor e no de técnico. En canto á responsabilidade política é dobre, por asumir as obras e por deixar facer o técnico o que lle dea a gana. Todo isto pode despertar dúbidas, por unha banda descarto toda dúbida por lucros persoais nin da Alcaldesa nin dos outros concelleiros pero onde están os cartos que se aforraron as empresas. Engade que se sente enganado e que a súa obriga cos veciños é aclarar este tema así mesmo manifesta que a obras están mal acabadas e pregunta de onde ven a auga do lavadoiro de Vila da Igrexa porque si é da traída poderíase contaminar o río co cloro da auga

A ALCALDESA afirma que tamén ela se sente enganada e que confiaba no técnico e se reafirma que non existe ningún ingreso irregular e que as modificacións de partidas realizadas polo técnico deberían plasmarse nun documento e non se fixo así. En canto a que o persoal laboral realiza a inspección das obras, foi nun caso puntual que eu non podía acudir. En canto a auga do lavadoiro de Vila da Igrexa, no seu día tiña auga sobrance e non sempre había auga polo que se conectou cunha traída municipal antiga pero sen clorar. Agora, estudarase o tema e tomaranse medidas, o técnico debe xustificar o que non xustificou.

O CONCELEIRO D. ROBERTO O. LÓPEZ LÓPEZ solicita que se lle debería tomar coma parte do concello e debería existir vontade política para convocar o pleno sen ir tan a pe puntilla na lei, se debería chamar os grupos políticos para falar destas cousas.

O CONCELEIRO D CANDIDO PRIETO LAGO, engade que non desconfía do técnico nin de vosoutros pero si do ánimo de lucro das empresas que traballan para o concello e solicita que se vete por un tempo, as empresas que realizaron algunha irregularidade nas obras municipais para poder acceder a outras obras.

O CONCELLERIO D. BENIGNO GALEGO CASTRO pregunta a alcaldesa si ela é a única responsable dado que hai un concelleiro de obras e afirma que considera tan responsable a alcaldesa como os técnicos e que se debe ver o que se asina dado que hai unha acta de recepción asinada en Vilamarín. Engade que pese a non presentar un acordo para o pleno, dado que se trataba de explicar estes temas, propoño a adopción dos seguintes acordos: Pedir presupostos as empresas do concello, controlar e penalizar as empresas que realizan as obras e non xustifican os atrasos, pedir a inspección das obras por parte de técnicos da Deputación e pedir responsabilidades ó técnico e contratar a unha empresa que controle as obras incluídas no Plan E.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

A **ALCALDESA** afirma que ela é a única responsable de confiar no técnico e que primeiro hai que aclarar estes temas, o técnico debe asumir os erros cometidos e despois tomaremos un acordo.

E, non habendo mais asuntos que tratar a Alcaldesa deu por finalizada a sesión sendo as doce horas e corenta minutos do día catorce de febreiro de dous mil once. Do que eu como Secretaria dou fe.

A Secretaria

A Alcaldesa

Asdo. Paula Díaz Tie

Asdo. Ana Rodríguez Montero